



ACTA ORDINARIA DO CABIDO

Asistentes

Patrón Maior

Daniel Castro Fernandez

Vice Patrón Maior 1º

Jesus Castro Fernandez

Vocais

Ramon Vilela Ferio

Fco. José Castro Fernández

Jose Vilela Carlin

Lucas Toba Carrera


Manuel Valencia Filgueira

Manuel R. Vilela Carlin

Lema Marcote, Jose Manuel

Secretario O.G.:

N. Castro Fernandez



En Muxía sendo as 11h00 do Sábado día 18 de Decembro do 2010 na sala de Xuntas da Cofradía, previamente convocada ó efecto, reunese o Cabido en sesión ordinaria,

Sendo a,

ORDE do día a seguinte:

- Comunicación ós Organos de Goberno da Resolución da Excma Diputación Provincial de A Coruña pola que se aproba unha subvención por importe de 35700€, e que se atopa neste intre, dada a insuficiencia de credito en Expediente de Modificación de Créditos. Este documento é necesario para poder contabilizar a partida presupostaria como ingreso no exercicio.
- Recibida na confraría solicitude de enmenda de datos en relación o Plan de Explotación do Percebe, con nº de expediente PE403A 2010/19-1, aprobación do plan polos Organos de Goberno e Resolucions de Expediente Sancionador para a non inclusión no plan de determinados mariscadores
- Recibida comunicación do Subdirector Xeral de Desenvolvemento en relación os Orzamentos anuais.
- Cesión o avogado da documentación necesaria para inicio dos procesos monitorios de reclamación de debedas.
- Solicitude dun Plan de Poliquetos.
- Cotas anuais do percebe, para aqueles mariscadores que embarquen cando se proceda a abrir a zona da barca.
- Proposta dunha paga por beneficios o persoal da Confraría.
- Cena anual dos organos de goberno.

RESOLUCIONS

- 1: Comunicase os Organos de Goberno o estado de tramitación do expediente de subvención coa Excma Diputación e se explica a situación actual de insuficiencia de crédito, e as posibilidades futuras de cobrar a mesma.
2. Aprobase o Plan de Explotación do Percebe do 2011, PE403A 2010/19-1, que xa fora aprobado pola Asamblea da Agrupación a mediados de outubro de 2010.
3. En canto a inicio dos expedientes sancionadores, en relación ós



ACTA ORDINARIA DO CABIDO

mariscadores morosos, esta Confraría iniciou en Abril do presente proceso de reclamación de debedas. Ata o momento comunicouse por escrito as persoas afectadas a situación irregular na que se atopan. A instrucción dos procedementos correrá a cargo da persona indicada na acta dos Organos de Goberno do 10 de Abril do 2010. Cando se finalice o proceso de instrucción darase conta a Consellería do Mar das resolucións dos mesmos.

4. Aprobación dos Orzamentos Anuais para o ano 2011 de conformidade o establecido no Artigo 51 do Decreto 261/2002.
5. Procederase a enviar a avogado toda a documentación relativa as debedas da agrupación para que se instruan os correspondentes expedientes monitorios de reclamación de debedas.
6. En canto a solicitude dun plan de explotación para poliqueto, dado o escaso marxe temporal que se deixou a Confraría, e os biólogos de zona, queda en suspenso ata que se teñan datos fiables dos técnicos para avaliar o recurso, e se establezcan zonas de produción.
7. Cotas anuais do percebe: Estando presente o Patrón Maior na reunión pola que se aprobou o plan de explotación do percebe, e sendo levada a Asamblea - sendo aprobada - a proposta de que se aplicase a cota integra a aqueles mariscadores que soamente embarcan nas zonas mais productivas durante uns días, o Cabido remítese a acta da Agrupación na que se indica que as Cotas deben aboarse na súa totalidade para evitar malestar no seo da agrupación.
8. En canto a medida dunha paga por beneficios para o persoal da Confraría, tras consulta cos servicios de auditoria da Consellería, resolverse: **APROBAR ESTA MEDIDA**
9. Acordase así mesmo a Celebración da cea anual nunha data por definir.

CERTIFICACIÓN

E non sendo outro o motivo da reunión levantase a presente acta que asignan os presentes, xunto co Patrón Maior e o seu Secretario que **CERTIFICO** no lugar e data arriba indicados.

O Patrón Maior

O Secretario

O Vocais

